

BANDO

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFORTE,

FAGO SABER :

De todos é coñecida a situación de emerxencia sanitaria que estamos a padecer pola pandemia derivada do COVID-19.

Co obxecto de mitigar os efectos que produce nos veciños e veciñas de Monforte de Lemos, así como dos industriais que desenvolven a súa actividade neste Concello, por parte de esta Alcaldía veñense facendo diversas actuacións para, na medida do posible, colaborar con todos eles tanto dende o punto de vista sanitario, como dende o aspecto económico.

Afondando nas medidas que xa se teñen tomado, como se ten dito, no aspecto sanitario, e co co obxecto de facer fronte ao COVID-19, considérase precisa a adopción de novas medidas de prevención e contención do virus.

Por parte do Concello de Monforte de Lemos procedeuse á adquisición de máis de 170.000 mascarillas sanitarias, coa finalidade de facilitalas aos veciños e que desa forma incrementen as medidas de protección, mais aló de respectar a distancia social, tal e como recomendan as autoridades sanitarias.

Unha vez adquiridas as mascarillas, chegou o momento de proceder ao reparto entre os veciños e veciñas de Monforte e, por ésta Alcaldía considérase que o medio máis axeitado de reparto das mesmas é a súa entrega nos domicilios, xa que desa forma evítanse os desprazamentos innecesarios é que os veciños e veciñas vaian a un punto de reparto concreto, o que incrementaría as posibilidades de contaxio.

Con base no exposto, FAGO SABER:

1º.- Dende mañá, o luns 27 de abril de 2020, a partires das 9:00 horas, levarase a cabo, polo Concello de Monforte, un reparto gratuito de mascarillas sanitarias, para a protección dos veciños e veciñas do contra a pandemia do COVID-19.

2º.- O reparto faráse nos domicilios, mediante a entrega gratuita de TRES mascarillas por persoa empadroada no mesmo. Dito reparto faráse por totalas rúas da cidade. As rúas nas que se fará a entrega e as datas nas que fará a distribución, en cada unha delas, poñeráse previamente en coñecemento da cidadanía mediante anuncio nos medios de comunicación social e na páxina web do Concello.





ALCALDIA

3º.- O reparto realizarase por empregados públicos municipais, que utilizarán as medidas de protección, tanto de EPIS como de mantemento das distancias, no momento da entrega.

4º.- Prégase a colaboración da cidadanía para que a entrega sexa nas debidas condicións, en beneficio da saúde tanto dos traballadores, aos que se lle agradece a súa colaboración, como da dos propios veciños e veciñas.

5º.- A entrega faráse na porta do domicilio, garantindo o respecto das medidas de distanciamento social, aconselladas polas autoridades sanitarias. No caso de que fóra preciso, porque as circunstancias sanitarias o aconsellaran, poderáse facer un novo reparto, en cuxo caso ampliaríase esta entrega inicial.

6º.- Recordar aos veciños e veciñas que a medidas de confinamento seguen vixentes e que deben permanecer nos seus domicilios. Non obstante, se fose preciso saír á rúa para a realización dalgunha das actividades permitidas, prégase que algún dos residentes no domicilio poña atención para recoller as mascarillas subministradas.

7º.- Recordar, en ben de todos e todas, a necesidade de respectar as medidas establecidas polas autoridades sanitarias, para a loita contra o COVID-19.

8º.- Agradecer o comportamento da poboación en xeral no exemplar cumprimento das medidas de confinamento establecidas polas autoridades, que se manifesta nunha evidente limitación das saídas á rúa, facéndoo soamente para os desprazamentos indispensables e nos casos autorizados.

Monforte de Lemos, a data da sinatura dixital.

SR. ALCALDE PRESIDENTE

José Tomé Roca



FIRMAS Y FECHAS

